

# CERTAME DE MICRORRELATOS DE OUTONO 2020

## BASES

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI DO TOURAL, co propósito de fomentar a creatividade e estimular o uso da lingua galega na actividade literaria do alumnado, convoca o **II CERTAME DE MICRORRELATOS DE OUTONO**.

### 1. Participantes

O certame diríxese ao alumnado do centro, distribuído nas seguintes categorías:

- a) Rapaces e rapazas de 3º e 4º de Primaria.
- b) Rapazas e rapaces de 5º e 6º de Primaria.
- c) Rapazas e rapaces de 1º e 2º ESO.
- d) Rapaces e rapazas de 3º e 4º ESO.

### 2. Obras

A temática do microrrelato versará sobre O OUTONO e utilizaranse, como mínimo, tres destas palabras: Samaín, meiga, pantasma, vento, folla, fento, fraga, chuvia, castaña, ourizo, souto, cabaza, landra, cogomelo, curuxa, moucho.

Cada autor/a só poderá presentar unha obra que deberá estar escrita en lingua galega e terá un máximo de 200 palabras, incluído o título. Será orixinal e inédita, isto é, non debe ter sido publicada en ningún medio ou soporte anteriormente.

Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI DO TOURAL en posibles publicacións que poidan resultar de interese para este. En ningún caso se cederán a terceiros, salvo autorización expresa do autor.

### 3. Presentación

En Secundaria, o microrrelato presentarase en folio Din A4 escrito con letra Arial ou Times New Roman, de tamaño 12 puntos. En Primaria pódese presentar o microrrelato en folio escrito a man ou ordenador. En ambos casos deben constar, xunto o relato, o nome e apelidos do autor/a e o curso e grupo ao que pertence.

O prazo de recepción das obras finalizará o 15 de novembro de 2020 e serán entregadas aos titores de Primaria e aos profesores de Lingua Galega e Literatura de Secundaria.

### 4. Xurado

O fallo do xurado (constituído por profesores e profesoras do centro) será dado

a coñecer ás persoas premiadas na súa aula de referencia e a través das redes sociais do Equipo de Dinamización da Lingua Galega: instagram **edlgdotoural** e facebook **O Toural en galego**.

## **5.Premios**

Establécese un premio, por valor de 20 euros, para o mellor relato en cada categoría.

